

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

### DEPUTACIÓN PROVINCIAL

#### Persoal, oposicións

#### *BASES DA CONVOCATORIA DE 198 BOLSAS DE PRACTICA LABORAL NA DEPUTACIÓN E EN CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.*

Con fundamento no artigo 35.2 b da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión do 19 de decembro de 2014, acorda aprobar a convocatoria de 198 bolsas de práctica laboral na Deputación e en concellos da provincia de Pontevedra, que se rexerá conforme ás seguintes:

#### **BASES**

##### *Primeira. Obxecto*

Estas bases teñen por obxecto convocar, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de obxectividade e publicidade, 198 bolsas de práctica laboral relacionadas no anexo I desta convocatoria e destinadas a titulados universitarios ou de formación profesional, segundo os casos, sen experiencia laboral previa no ámbito da súa titulación, coa finalidade de promover e completar a súa formación en áreas de coñecemento ou actividades que poidan facilitar a súa incorporación ó mercado laboral.

##### *Segunda. Condicións dos aspirantes*

Poderán ser beneficiarios destas bolsas as persoas físicas que, con plena capacidade de obrar e sen estaren inhabilitadas para obter axudas e subvencións públicas, reúnan os seguintes requisitos:

1. Ter a nacionalidade española
2. Estar en posesión do título esixido no anexo I para cada unha das bolsas convocadas na data en que remate o prazo de presentación de instancias
3. Estar en posesión dos títulos correspondentes ós estudos obxecto da bolsa con posterioridade ó 1 de xaneiro de 2007
4. Non estar incapacitado fisicamente nin padecer ningunha enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade obxecto da bolsa

5. Non ser beneficiario na actualidade dunha bolsa dos plans de práctica laboral da Deputación nos distintos centros ou servizos, nin nos concellos ou empresas da provincia, tomándose como referencia para tal efecto o período de tempo que transcorre desde a data da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), ata o día en que teña lugar a adxudicación das bolsas
6. Non ser con anterioridade beneficiario dunha bolsa de duración superior a seis meses dos plans de práctica laboral da Deputación nos distintos centros ou servizos, nin nos concellos ou empresas da provincia
7. Non ser con anterioridade beneficiario dunha bolsa remunerada de duración superior a seis meses na Deputación de Pontevedra nin nos organismos autónomos
8. Estar empadroadado en calquera termo municipal da provincia de Pontevedra con anterioridade ó 1 de xuño do ano 2014 ou acreditar unha antigüidade no padrón dun mínimo de cinco anos
9. Estar inscrito no Servizo Público de Emprego como demandante ou en mellora de emprego
10. Non ter experiencia laboral previa na profesión ou área de coñecementos, entendendo por isto que non estivese contratado polos grupos de cotización correspondentes ós niveis formativos da titulación esixida nin de alta como autónomo por un período de tempo de duración superior a seis meses en actividades relacionadas co obxecto da bolsa
11. Acreditar o nivel Celga IV nas bolsas de titulados universitarios e o Celga III nas bolsas destinadas a ciclos superiores de formación profesional
12. Estar disposto a asumir os gastos de desprazamento ó centro de traballo de destino
13. Non estar incurso nalgunha das prohibicións sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS)

### *Terceira. Dotación económica*

A dotación económica das bolsas, determinada polo nivel de titulación, será de oitocentos (800,00) euros ó mes para os titulados universitarios e de setecentos (700,00) euros ó mes para os titulados de ciclos superiores de formación profesional, cantidades que se imputarán ás aplicacións orzamentarias 921.241.481.45 e 921.241.160.45.

O pagamento das bolsas realizarase a partir da data de incorporación da persoa beneficiaria, por mensualidades completas ou a parte proporcional. Esta cantidade será incompatible con calquera outra actividade remunerada, calquera que sexa a súa natureza.

Non obstante, a entidade adxudicataria das bolsas de prácticas deberá sufragar os gastos de desprazamento e estancia orixinados pola realización, fóra do lugar da residencia, de determinados estudos e informes relacionados coa formación práctica do bolseiro, de acordo cos límites previstos no Real decreto 462/2002, de indemnizacións por razón do servizo.

#### *Cuarta. Presentación de solicitudes*

1. As solicitudes de participación nesta convocatoria deberán presentarse da seguinte forma:

1. En primeiro lugar será necesario realizar unha preinscrición a través da páxina web da Deputación de Pontevedra ([www.depo.es](http://www.depo.es)), debendo, para tal efecto:
  - Cubrir os datos solicitados na páxina web, correspondentes ó modelo oficial de solicitude do anexo I e premer o botón enviar
  - Descargar e imprimir o xustificante electrónico xerado pola páxina web tras realizar o envío. Este xustificante incluírá un código único de preinscrición
2. A continuación deberase presentar o xustificante electrónico xerado durante o proceso de preinscrición, debidamente asinado, no rexistro da Deputación, dentro do prazo establecido no apartado dous, xunto coa seguinte documentación:
  - a) Fotocopia do documento nacional de identidade en vigor ou calquera outro que o substitúa
  - b) Certificado ou volante de empadramento actualizado con data posterior ó 1 de xuño do 2014 no que se acredite a data de alta ou antigüidade no padrón municipal
  - c) Documento acreditativo da titulación esixida ou de estar en condicións de obtela na data en que remate o prazo para presentar as solicitudes
  - d) Certificado do expediente académico no que conste a nota media, calculada segundo o sistema establecido no R. d. 1125/03, de 5 de setembro, para a súa valoración na fase de concurso, ou o que corresponda para os ciclos formativos segundo o previsto no R. d. 1147/2011, de 29 de xullo
  - e) Certificado acreditativo do nivel correspondente de coñecemento da lingua galega
  - f) Declaración xurada na que a persoa interesada se compromete a renunciar, en caso de ser seleccionado, a calquera tipo de actividade remunerada durante a vixencia da bolsa
  - g) Certificado que acredite non estar incapacitado fisicamente nin padecer ningunha enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade que constituía o obxecto da bolsa, ou declaración xurada da persoa solicitante de que cumpre este requisito
  - h) Informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social actualizado con data posterior ó 1 de novembro do 2014. É preciso entregar todas as páxinas e,

en caso de ter experiencia laboral no mesmo grupo de cotización non relacionada coa titulación, débese entregar tamén unha fotocopia do contrato de traballo e certificado das tarefas realizadas

- i) Fotocopia da tarxeta de demanda ou mellora de emprego actualizada
- j) Declaración xurada de non ser beneficiario na actualidade dunha bolsa dos plans de práctica laboral da Deputación nos distintos centros ou servizos, nin nos concellos ou empresas da provincia, tomándose como referencia para tal efecto o período de tempo que transcorre desde a data da publicación desta convocatoria e ata o día en que teña lugar a adxudicación das bolsas
- k) Declaración xurada de que non foi beneficiario anteriormente dunha bolsa de duración superior a seis meses dos plans de práctica laboral da Deputación nos distintos centros ou servizos, nin nos concellos ou empresas da provincia
- l) Declaración xurada de non ser beneficiario anteriormente dunha bolsa remunerada nos extinguidos organismos autónomos, de duración superior a seis meses
- m) Declaración xurada de estar disposto a asumir os gastos de desprazamento ó centro de traballo de destino

2. O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ó da publicación desta convocatoria no BOPPO.

3. Os solicitantes para presentaren as instancias estarán ó disposto no artigo 23, nos apartados 3, 4 e 5 da LXS, en todo o que sexa de aplicación, ademais do recollido no apartado primeiro desta cláusula.

#### *Quinta. Emendas*

1. Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias a Deputación ditará unha resolución na que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión. Este documento publicarase na páxina web e no taboleiro de anuncios da Deputación de Pontevedra.
2. Os aspirantes excluídos ou omitidos disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a súa exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución, estimándoas ou desestimándoas e aprobando a lista definitiva, que será publicada na web e no taboleiro de anuncios da institución provincial.

Dentro deste prazo poderán emendar os defectos formais da documentación acreditativa dos méritos alegados na presentación de instancias.

### *Sexta. Comisión de selección*

Para a selección dos bolseiros constituirase unha comisión, que estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: un xefe de servizo ou centro da Deputación
- Vogais: un funcionario técnico superior, un representante da universidade e un representante dos concellos
- Secretario: o da Deputación ou un funcionario de carreira con titulación superior en quen delegue

### *Sétima. Selección dos bolseiros*

1. O proceso de selección desenvolverase en dúas fases. A primeira, de concurso e valoración da documentación presentada polos aspirantes admitidos e, a segunda, de entrevista persoal cos candidatos que superen o corte establecido na primeira fase.
2. Primeira fase: baremo de méritos. Os méritos acreditados polos interesados serán valorados conforme ós seguintes criterios:
  - a) Expediente académico: ata un máximo de 4,00 puntos, segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias polo R. d. 1125/03, de 5 de setembro, e para os ciclos de formación profesional polo R. d. 1147/2011, de 29 de xullo. No caso de que algunha das titulacións convocadas non estea calculada polas referidas normas ou estas non se especifiquen valorarase con 0,00 puntos
  - b) Por ter un doutoramento relacionado co contido da bolsa, 2 puntos
  - c) Por cada máster universitario relacionado co contido da bolsa, 0,50 puntos por máster, ata un máximo de 2 puntos
  - d) Por transcorrer catro ou máis anos desde a finalización dos estudos universitarios: 1 punto.
  - e) Por transcorrer entre tres e catro anos desde a finalización dos estudos universitarios: 0,90 puntos
  - f) Se transcorreron entre dous e tres anos desde a finalización dos estudos universitarios: 0,80 puntos
  - g) Se transcorreron menos de dous anos desde a finalización dos estudos universitarios: 0,70 puntos
  - h) Se transcorreu menos dun ano desde a finalización dos estudos universitarios: 0,60 puntos
  - i) Por posuír unha titulación académica distinta e relacionada coas prácticas a desenvolver, de nivel igual ou superior á esixida no expediente da bolsa á que opta, 0,50 puntos por título ata un máximo de 1 punto (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para a obtención doutras de nivel superior)

As puntuacións outorgadas serán publicadas no taboleiro de anuncios da Deputación e na páxina web, polo menos con tres días hábiles de antelación á data en que terá lugar a entrevista.

3. Segunda fase: entrevista persoal. A entrevista terá lugar cando conclúa a valoración de méritos e realizarase unicamente cos candidatos que acaden a maior puntuación total na fase de concurso e nunha porcentaxe que garanta un mínimo de tres candidatos por bolsa. Poderá ampliarse esta porcentaxe en caso de estimarse conveniente.

Por Resolución da Presidencia convocarase ós candidatos para a entrevista persoal, nun único chamamento, quedando decaídos no seu dereito aqueles que non comparezan no lugar e día sinalado.

A entrevista versará sobre o seu currículo, obxectivos profesionais, dispoñibilidade, etc., e permitirá comprobar a preparación dos candidatos en materias correspondentes coa súa titulación nas entidades de destino.

A entrevista valorarase de cero a dous puntos.

4. En caso de empate nas puntuacións dos aspirantes, a orde de prelación determinarase pola maior puntuación acadada na nota media global do expediente académico.
5. Despois de rematar as entrevistas e no prazo máximo de 10 días hábiles a comisión publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web da Deputación as puntuacións outorgadas e as propostas de adxudicación, xunto coa relación de candidatos seleccionados por orde decrecente para cada unha das bolsas convocadas, indicando os candidatos seleccionados e os correspondentes suplentes.
6. Os aspirantes seleccionados, por orde de maior a menor puntuación, deberán elixir a entidade na que desenvolverán as prácticas entre aquelas que figuran no anexo I como destinatarias das bolsas convocadas.  
Sen prexuízo de aplicar o sistema indicado no apartado anterior, na elección da entidade daráselles preferencia ós candidatos do plan anterior pendentes de reasignación por causa xustificada apreciada pola Comisión de seguimento.
7. Nos procesos en que se convoca máis dunha bolsa por titulación, a elección dunha entidade polo primeiro aspirante elimina esta opción para os restantes, e así sucesivamente ata esgotar as bolsas desta titulación e entidades destinatarias.
8. Atendendo ás características ou perfil da bolsa convocada, con carácter excepcional e por razóns de urxencia, poderase recorrer ós servizos públicos de emprego para a preselección de candidatos que reúnan os requisitos esixidos nestas bases.

### *Oitava. Adxudicación das bolsas*

O Servizo de Recursos Humanos e Formación, á vista das actas das comisións seleccionadoras constituídas por titulacións e a elección realizada polos bolseiros nos procesos de máis dunha titulación, formularalle as propostas de adxudicación das bolsas convocadas ó órgano competente para a resolución do procedemento, especificando bolseiros titulares e candidatos suplentes para os casos de renuncia, incumprimento de obrigas, incapacidade sobrevida ou calquera outra causa que implique a perda da condición de bolseiro.

A resolución, que porá fin á vía administrativa, publicarase na páxina web da Deputación, con expresión da identidade do bolseiro, entidade de destino, contía das bolsas, duración e data de efectos.

Contra esta resolución poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición de conformidade co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP/PAC), ou, directamente, un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ó da notificación da Resolución, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora desa xurisdición.

Por outra parte, ó estar adherida a Deputación de Pontevedra á Estratexia de emprendemento e emprego xoven, desenvolvida polo Goberno de España, con recoñecemento expreso por parte do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias do Plan de práctica laboral autorizan, polo feito de participar nel, a remisión dos datos que requira o Ministerio con fins estatísticos.

### *Novena. Condicións xerais*

Establécense as seguintes condicións xerais:

1. As bolsas terán unha duración de 6 meses, contados desde a data na que a persoa adxudicataria comece o seu labor na entidade correspondente, e poderán ser prorrogadas por outros 6 meses por acordo da Xunta de Goberno, cumprindo o disposto na cláusula décima destas bases e sempre que exista dotación orzamentaria. En caso de urxencia poderán prorrogarse por Resolución presidencial dando conta á Xunta de Goberno
2. As bolsas serán incompatibles con calquera outra actividade remunerada, calquera que sexa a súa natureza, excepto as indemnizacións por razón do servizo que deberá sufragar a entidade
3. As persoas beneficiarias comprometeranse a observar o horario de traballo e a disciplina da Administración onde se desenvolva a súa práctica laboral co fin de non entorpecer o labor do persoal do centro, sen que poida superar as 37,50 horas semanais

4. O feito de aceptar e facer uso destas bolsas non xera ningunha relación laboral nin funcionarial coa Deputación de Pontevedra nin cos concellos nos que se desenvolvan as actividades da práctica laboral, polo que non implica, en consecuencia, ningún tipo de compromiso para un posterior contrato ou vinculación con este organismo provincial nin cos concellos
5. O pagamento do importe da bolsa realizarase por mensualidades vencidas. As cantidades correspondentes estarán suxeitas ás retencións que procedan, de conformidade co previsto no R. d. 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, así como na orde pola que se desenvolven as normas reguladoras da cotización á Seguridade Social para o ano 2015
6. As bolsas que queden vacantes despois do período de prórroga non se cubrirán cos candidatos suplentes

#### *Décima. Xustificación e renovación da bolsa*

1. Para tramitar a prórroga do bolseiro será necesaria a seguinte documentación:
  - Memoria do bolseiro sobre o conxunto dos traballos realizados, especificando os obxectivos conseguidos, a metodoloxía empregada e os principais resultados dos estudos practicados
  - Informe de avaliación do titor no que deberá indicar se procede ou non a prórroga. Esta documentación (memoria e informe) deberá presentarse no Rexistro xeral da Deputación cun mes de antelación á data prevista de finalización.
2. A Xunta de Goberno, previo informe da xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación, resolverá esta solicitude, tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias e o aproveitamento demostrado polo bolseiro.

#### *Décimo primeira. Revogación e reintegro da bolsa*

En calquera momento, a Xunta de Goberno poderá, a proposta dos xefes de Servizo da Deputación ou concellos e mediante resolución motivada, revogarlle a bolsa á persoa adxudicataria que non cumpra debidamente as condicións esixidas nestas bases ou as normas xerais de funcionamento da entidade de destino, aténdose ó establecido nos artigos 36 e seguintes da LXS, e suspendendo o aboamento da bolsa.

Neste senso, daranse por finalizadas as prácticas do bolseiro cando concorran algunha das seguintes causas:

1. Renuncia voluntaria por parte do bolseiro. A renuncia implicará a perda dos dereitos formativos e económicos que puidesen corresponderlle



2. Renuncia do Concello á bolsa solicitada e adxudicada. A renuncia quedará supeditada á existencia de motivos xustificadas, previamente aceptados pola Deputación. De non existir causa xustificada penalizarase ó Concello coa imposibilidade de participar en próximas convocatorias ou de obter calquera outro tipo de axuda ou subvención desta institución, quedando sometidos ás responsabilidades e ó réxime sancionador que, sobre infraccións administrativas en materia de subvencións, establecen os artigos 52 a 69 da LXS
3. Incumprimento das obrigas dalgunha das partes. En caso de incumprimento grave das obrigas esenciais por parte do Concello adxudicatario resolverase a bolsa, podendo adxudicárselle a outra entidade que solicitase esa titulación e estea en condicións de incorporar ó bolseiro afectado por esta situación durante o tempo restante
4. Baixa por incapacidade temporal de duración superior a trinta días ou, no caso de maternidade, de duración superior a seis semanas
5. Acordo entre a entidade e o bolseiro

En caso de concorrer algunha das causas previstas no artigo 37 da LXS, poderá esixirse o reintegro total cando o beneficiario incumpra as condicións impostas para a concesión e a execución da bolsa.

No caso de que a entidade renuncie á bolsa concedida sen causa xustificada a Deputación realizará as xestións oportunas para poder destinar o bolseiro a outra entidade, co fin de darlle continuidade á bolsa de prácticas convocada pola Deputación. Entre tanto a bolsa quedaría en suspenso durante un período que non poderá exceder os tres meses e o bolseiro pasará a ocupar o primeiro lugar da lista de candidatos suplentes nesa titulación. Procederase do mesmo xeito nos casos de resolución da bolsa por causas xustificadas non imputables ó bolseiro. Transcorridos os tres meses perderá o dereito a bolsa.

#### *Décimo segunda. Suspensión*

En caso de maternidade, enfermidade ou accidente, o bolseiro percibirá a prestación correspondente da Seguridade Social. Nese caso, a Deputación non complementará ningunha cantidade adicional á citada prestación.

Esta situación non ocasionará a finalización das prácticas, salvo que a ausencia exceda ós trinta días nos casos de enfermidade ou accidente e de seis semanas no caso de maternidade. No suposto de que se supere este prazo, a Deputación poderá dar por concluída a práctica laboral do bolseiro.

*Décimo terceira. Renuncia*

No caso de que o bolseiro renuncie antes da finalización do período de prácticas deberá informar previamente o seu titor e presentar no Rexistro xeral da Deputación a correspondente solicitude, dirixida ó Servizo de Recursos Humanos e Formación.

En tal situación a entidade poderá solicitar que se cubra a bolsa que queda vacante polo tempo restante (sempre que sexa igual ou superior a seis meses) cun candidato suplente, segundo a orde de puntuación obtida no proceso de selección.

*Décimo cuarta. Bolsas desertas*

De non chegar a cubrirse o número total de bolsas convocadas para unha determinada titulación por falta de candidatos os concellos afectados poderán solicitar que se lles adxudiquen as bolsas vacantes que teñen outorgadas a aspirantes suplentes doutros procesos ou titulacións seguindo a orde de puntuación establecida.

*Décimo quinta. Obrigas e dereitos do bolseiro*

Son obrigas dos bolseiros as seguintes:

1. Incorporarse á entidade na data sinalada
2. Respetar, en todo momento, a normativa da entidade, seguindo as instrucións que lle sexan dadas e cumprir o programa formativo
3. Desenvolver unha actitude favorable e aplicarse con total dilixencia e aproveitamento
4. Observar e cumprir o horario das prácticas co fin de non entorpecer o labor do persoal do centro
5. Cumprir as medidas de prevención que en cada caso se deban adoptar, pola súa propia seguridade e saúde e pola de aquelas outras persoas ás que poida afectar a súa actividade a causa dos seus actos ou omisións
6. Usar adecuadamente as máquinas, aparatos, ferramentas, sustancias perigosas, etc. que utilice no seu proxecto, de acordo coas instrucións do fabricante ou responsable das prácticas
7. Utilizar correctamente os medios e equipos de protección facilitados pola entidade, de acordo coas instrucións recibidas
8. Gardar con absoluto rigor o secreto profesional sobre as informacións que poidan chegar a coñecer en relación coa actividade que desenvolvan
9. Asistir ás accións formativas relacionadas coas súas prácticas que organice a Deputación dentro da xornada laboral

10. En caso de enfermidade ou accidente, o bolseiro deberá comunicarlle a súa situación á Deputación, presentando o oportuno parte médico xustificativo
11. En caso de renuncia, o bolseiro está obrigado a comunicarllo á entidade na que realiza as prácticas e ó Servizo de Recursos Humanos e Formación da Deputación con 3 días hábiles de antelación.
12. Achegar á Deputación unha copia da vida laboral actualizada transcorridos tres meses desde a finalización das prácticas

Son dereitos dos bolseiros os seguintes:

1. Ser informados sobre a forma de proceder en caso de emerxencia, primeiros auxilios ou evacuación
2. Recibir formación en materia preventiva e sobre as instalacións nas que se desenvolven as prácticas
3. Gozar do permiso necesario para a realización de exames de carácter oficial, achegando a correspondente xustificación
4. Gozar dun permiso de 2 días hábiles de descanso por mes de prácticas, que se poderán solicitar de forma independente por meses ou ó final do período

#### *Décimo sexta. Responsabilidades*

Os beneficiarios destas bolsas estarán sometidos ás responsabilidades e o réxime sancionador que, sobre infraccións administrativas en materia de subvencións, establecen os artigos 52 a 69 da LXS.

#### *Décimo sétima. Devolución da documentación*

Transcorridos seis meses desde o final do proceso selectivo destruírase a documentación presentada, excepto a instancia, polo que se lles recomenda ós interesados que a retiren dentro dese prazo.

#### *Décimo oitava. Comisión de seguimento*

Para a supervisión e control das prácticas constituirase unha Comisión de seguimento coa finalidade de resolver as incidencias e dúbidas que se produzan no seu desenvolvemento.

A comisión estará presidida por un deputado provincial ou a persoa en quen delegue, e estará integrada por tres técnicos da Deputación.

A comisión terá as seguintes competencias no desenvolvemento do programa de prácticas:

1. Garantir que as prácticas se corresponden cos compromisos asumidos polas entidades
2. Resolver os problemas que se susciten na súa execución
3. Propoñer medidas en relación ás incidencias que xurdan durante a súa realización

A comisión reunirse cando o considere necesario con calquera das partes, como mínimo unha vez antes de que finalice o período de duración das prácticas.

### *Décimo novena. Dereitos supletorios*

A convocatoria, a selección das persoas candidatas e a realización dos traballos que dan dereito ás bolsas suxeitaranse ó previsto nestas bases, á Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e á Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP/PAC).

### *Anexo I*

Expediente	Titulación	Núm. De Bolsas	Concello Ou Servizo	Bolsas Por Titulación E Centro De Traballo
D01	Ciclo Superior En Administración De Sistemas Informáticos En Rede	1	Vilagarcía de Arousa	1
D02	Ciclo Superior En Administración E Finanzas	18	A Estrada	1
			Caldas de Reis	1
			Campo Lameiro	1
			Lalín	3
			Marín	1
			Meaño	1
			Moaña	1
			Moravia	1
			Nigrán	2
			O Rosal	1
			Oia	1
			Pazos de Borbén	1
			Pontecesures	1
			Salceda de Caselas	1
D03	Ciclo Superior En Animación Sociocultural E Turística	10	Sanxenxo	1
			A Guarda	1
			As Neves	1
			Catoira	1
			Nigrán	1
			Pontevedra	2
			Ribadumia	2
D05	Ciclo Superior En Desenvolvemento De Aplicacións Web	1	Tui	1
			Vilanova de Arousa	1
D05			Lalín	1

D06	Ciclo Superior En Educación Infantil	2	Agolada	1
			Moaña	1
D08	Ciclo Superior En Producción De Audiovisuais E Espectáculos	1	Cangas Do Morrazo	1
D10	Ciclo Superior En Proxectos De Obra Civil	1	Soutomaior	1
D11	Ciclo Superior En Saúde Ambiental	3	Deputación - Estación Fitopatolóxica do Areiro	2
			Moaña	1
D12	Ciclo Superior En Secretariado	1	Gondomar	1
D13	Ciclo Superior En Xestión Comercial E Márketing	1	Deputación Servizo Turismo	1
D14	Ciclo Superior En Xestión Forestal E Do Medio Natural	1	Salvaterra do Miño	1
D15	Diplomatura En Biblioteconomía E Documentación/Grao En Información E Documentación	10	Gondomar	1
			Marín	1
			Nigrán	1
			Deputación Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico	2
			Pontevedra	1
			Tui	1
D19	Diplomatura/Grao En Dirección E Xestión Pública	11	Vigo	3
			Bueu	1
			Marín	1
			Moaña	1
			Deputación - ORAL	1
			Ponte Caldelas	2
			Sanxenxo	2
			Tomiño	1
Tui	1			
D20	Diplomatura/Grao En Educación Social	4	Vigo	1
			Mos	1
			O Rosal	1
			Rodeiro	1
D22	Diplomatura/Grao En Fisioterapia	1	Tomiño	1
			Cangas do Morrazo	1
D23	Diplomatura/Grao En Maxisterio De Educación Infantil	2	Arbo	1
			O Grove	1
D24	Diplomatura/Grao En Maxisterio De Educación Primaria	2	Vilagarcía de Arousa	1
			Vilanova de Arousa	1
D25	Diplomatura/Grao En Relacións Laborais/Relacións Laborais E Recursos Humanos	5	Mos	1
			O Porriño	3
			Vigo	1

D27	Diplomatura/Grao En Traballo Social	13	A Cañiza	1
			A Illa de Arousa	1
			Barro	1
			Cangas Do Morrazo	1
			Deputación - Centro Príncipe Felipe	1
			Forcarei	1
			Fornelos de Montes	1
			O Grove	1
			Redondela	2
			Sanxenxo	1
			Soutomaior	1
			Vilagarcía de Arousa	1
D32	Enxeñería Industrial	1	Redondela	1
D33	Enxeñería Industrial, Orientación En Instalacións E Construción	2	Baiona	1
			Silleda	1
D37	Enxeñería Técnica De Obras Públicas/ Grao En Enxeñería De Obras Públicas	6	Caldas de Reis	1
			Deputación - Centro Príncipe Felipe	1
			Crecente	1
			Marín	1
			Mos	1
Portas	1			
D40	Enxeñería Técnica En Informática De Xestión	1	A Guarda	1
D41	Enxeñería Técnica Forestal, Especialidade En Explotacións Forestais	2	Meaño	1
			Poio	1
D42	Enxeñería Técnica Industrial En Electricidade	2	Silleda	1
			Tomiño	1
D46	Enxeñería/Grao En Informática	1	Baiona	1
D47	Grao En Enxeñería De Edificación/ Arquitectura Técnica	2	A Cañiza	1
			Poio	1
D49	Licenciatura En Dereito, Rama Económico-Empresarial	1	Moaña	1
D50	Licenciatura En Filloxía Inglesa/Grao En Lingua E Literatura Inglesas	1	Vila de Cruces	1
D51	Licenciatura En Psicopedagogía	1	Mos	1
D52	Licenciatura/Grao En Administración E Dirección De Empresas	5	Cotobade	1
			O Porriño	1
			Deputación - ORAL	1
			Poio	1
			Vilaboa	1
D53	Licenciatura/Grao En Arquitectura	2	Caldas de Reis	1
			Gondomar	1

D55	Licenciatura/Grao En Bioloxía	4	Estación Fitopatolóxica do Areeiro	1
			Salvaterra do Miño	1
			Tomíño	1
			Deputación – Convenio Estación de Hidrobioloxía “Encoro do Con”	1
D56	Licenciatura/Grao En Ciencias Da Actividade Física E Do Deporte	4	A Guarda	1
			Sanxenxo	1
			Vilagarcía de Arousa	1
			Vilanova de Arousa	1
D57	Licenciatura/Grao En Ciencias Políticas E Da Administración	1	A Estrada	1
D59	Licenciatura/Grao En Dereito	17	A Estrada	1
			Bueu	1
			Cangas Do Morrazo	1
			Deputación Servizo Cooperación	1
			Covelo	1
			Dozón	1
			Gondomar	1
			Marín	1
			Mondariz - Balneario	1
			Nigrán	1
			O Porriño	1
			Deputación - ORAL	2
			Poio	1
			Ponteareas	1
Salceda de Caselas	1			
D60	Licenciatura/Grao En Economía	7	Valga	1
			A Estrada	1
			O Grove	1
			Deputación - ORAL	1
			Ponteareas	3
D63	Licenciatura/Grao En Historia	3	Vilagarcía de Arousa	1
			Deputación - Museo	1
D64	Licenciatura/Grao En Historia Da Arte	5	Deputación Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico	2
			A Estrada	1
			Deputación - Museo	3
D65	Licenciatura/Grao En Historia Da Arte Especialidade Arqueoloxía	2	Vilanova de Arousa	1
			Deputación - Museo	1
D67	Licenciatura/Grao En Pedagogía	1	Valga	1
			Deputación - Centro Príncipe Felipe	1
D68	Licenciatura/Grao En Psicoloxía	2	Caldas de Reis	1
			O Grove	1

D69	Licenciatura/Grao En Publicidade E Relacións Públicas	2	Deputación Servizo Comunicación Institucional	1
			Redondela	1
D70	Licenciatura/Grao En Química	4	Deputación - Finca Mouriscade	4
D72	Licenciatura/Grao En Xornalismo	6	A Guarda	1
			A Lama	1
			Bueu	1
			Cangas Do Morrazo	1
			Ponteareas	1
			Tui	1
D73	Diplomatura/Grao En Turismo	18	A Illa de Arousa	1
			Baiona	2
			Bueu	1
			Cerdedo	1
			Lalín	1
			Mondariz	1
			Mos	1
			Poio	1
			Pontevedra	2
			Redondela	1
			Tui	1
			Deputación Servizo Turismo (Aeroporto)	2
			Deputación Servizo Turismo (CPAE- Cambados)	1
Vila de Cruces	1			
Vilaboa	1			
D75	Licenciatura/ Grao En Veterinaria	1	Deputación - Finca Mouriscade	1
D76	Ciclo Superior En Deseño E Edición De Publicación Impresas E Multimedia	1	Deputación Servizo Comunicación Institucional	1
D77	Ciclo Superior En Laboratorio De Diagnostico Clínico	1	Deputación - Estación Fitopatolóxica do Areiro	1
D78	Ciclo Superior En Química Ambiental	1	Deputación - Estación Fitopatolóxica do Areiro	1
D79	Licenciatura/Grao En Filoloxía	1	Deputación - Servizos Lingüísticos	1
P80	Ciclo Superior En Información E Comercialización Turística	1	Deputación Servizo Turismo	1
D81	Licenciatura/ Grao En Ciencias Ambientais	1	Deputación - Convenio Estación de Hidrobioloxía "Encoro do Con"	1

Pontevedra, 17 de decembro de 2014.—A deputada delegada, Begoña Estévez Bernárdez.—O secretario, Carlos Cuadrado Romay

2014021410